

Guía para entrega de evidencias

Descrición da tarefa

Como parte do traballo individual, deberás facer entrega dalgunha evidencia relacionada co desenvolvemento deste programa.

Como é lóxico, e debido a que os centros aínda non recibiron o material do programa, esta evidencia será moi sinxela. Algúns exemplos poden ser:

- Un diario de aprendizaxe que recolla a formación na que participaches e/ou proxectos e actividades desenvolvidas no centro relacionada co material dos polos creativos.
- Se tiveches a oportunidade de recibir formación específica sobre equipamento dentro do grupo de traballo do centro e puidiches realizar algunha actividade co mesmo, servirán imaxes, vídeos ou algo similar dos produtos elaborados co mesmo, podendo incluír unha breve descrición do seu propósito nun proxecto ou actividade.
- Se fixeches algunha actividade cos kits singulares, podes, igualmente achegar imaxes, vídeos ou similar dos Kits empregados no centro.
- Se no centro estades a preparar a recepción do equipamento, como por exemplo o acondicionamento de espazos, a creación dun curso específico para Polos Creativos na Aula Virtual do centro, tamén servirá unha breve descrición con imaxes ou similar do traballado.
- Breve descrición ou resumo dalgún proxecto usando o material dos polos creativos que teñades pensado implementar no centro en canto recibades a dotación.

Exemplos de evidencias co material dos Polos Creativos no caso de ter traballado con préstamos e/ou actividades dentro do grupos de traballo ou seminarios de centro

- *Impresora 3D*

Imaxes dos obxectos impresos en 3D que poden ser prototipos, pezas funcionais ou modelos e rexistros das impresións realizadas, incluíndo os parámetros de impresión e deseños utilizados ou arquivos STL.

- *Cortadora Láser*

Imaxes dos obxectos cortados xunto cunha descricións dos materiais utilizados, o arquivo utilizado para o deseño dos obxectos e o proceso de deseño.

- *Plotter de corte*

Imaxes de deseños e creacións gráficas xeradas xunto con descrições de como se utilizaron en proxectos específicos, así como arquivos utilizados.

- *Robótica*

Imaxes ou vídeo que mostre o funcionamento do robot e explicar o código utilizado así como o seu propósito nun proxecto ou actividade.

- *E-Téxtil*

Imaxes do proceso de creación, un vídeo demostrando o funcionamento da peza e unha descrição dos compoñentes utilizado e deseño do circuíto.

- *Kits electrónicos*

Imaxes o vídeos que mostren o kit electrónico en funcionamento, así como a relación de compoñentes utilizados, conexións, programación necesaria ou diagramas que ilustren o proceso.

- *Microbit*

Imaxes ou vídeos que mostren o funcionamento dos proxectos, compoñentes empregados e descrições dos programas necesaria ou diagramas que ilustren o proceso.

- *Audiovisuais*

Vídeos realizados co equipamento de audiovisuais.

- *Kits Singulares*

Imaxes o vídeos que mostren o produto final ou o proceso de creación de ser o caso.
Descrição breve do desenvolvemento das propostas didácticas.

NOTA

En calquera caso a entrega pode ir acompañada dunha descrição breve do seu propósito nun proxecto ou actividade.

Exemplos de formatos de entrega

No suposto de que teñan dúbidas sobre o formato no que entregar as evidencias dos traballos realizados, a continuación propoñemos algúns exemplos:

- ✓ Documento en PDF
- ✓ Presentación en PDF
- ✓ url a un vídeo
- ✓ url a un Blog
- ✓ url ás publicacións en RRSS
- ✓ url á Portafolio Dixital

NOTA:

No suposto de que decidan empregar un documento ou unha presentación, facilitamos uns modelos normalizados para o Programa Polos Creativos que poden empregar.